

CIG-SAÚDE LOGRA O COMPROMISO DO SERGAS DE INICIAR UNHA NEGOCIACIÓN SOBRE AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DE RESIDENTES NO PRÓXIMO MES DE XUÑO

CIG-Saúde mantivo unha reunión coa Dirección de Recursos Humanos do Sergas para reiterar a petición de abrir unha mesa negociadora para acordar os criterios de aplicación en Galicia das medidas de mellora previstas no proxecto de Decreto de Residentes (inda pendente de publicación en BOE) así como para tratar diversas reivindicacións sentidas polo colectivo como necesarias para dignificar as súas condicións de traballo durante o tempo de Residencia de cada Especialidade.

Nesta reunión, na que lle foron entregadas ao Sergas 300 sinaturas de residentes de todos os centros de Galicia en reclamación da apertura da indicada mesa negociadora, a Administración aceptou o compromiso de presentar unha proposta sobre as nosas reivindicacións (*ver cadro*) no próximo mes de xuño.

O DECRETO E A CUESTIÓN DOCENTE

Por outra parte, seguimos insistindo para que o proxecto de Decreto que regula a relación laboral dos Residentes, imposto polas Administracións Sanitarias, incorpore durante a súa tramitación administrativa algunha das propostas de mellora que continuamos defendendo en xornada, en retribucións e en dereitos sociais.

Ademáis traballamos tamén nas propostas sobre a mellora da regulación dos aspectos Docentes, presentando alternativas ao documento que están elaborando asmesmo as Administracións Sanitarias e Educativas.

1. Dereito a 12 h de descanso continuado mínimo entre xornada e xornada, non supeditado a criterio do titor e que teña a consideración de tempo traballado. Dereito ao descanso semanal de 36 horas continuadas.
2. Límite mensual e anual das horas de garda e do seu número.
3. Dereito a coñecer o calendario de gardas ao menos con 15 días de antelación
4. Contabilizar as horas obrigatorias de formación como xornada
5. Dereito a gastos de desprazamento para cursos obrigatorios
6. Cobertura de Responsabilidade Civil en condicións equivalentes ao persoal estatutario do Sergas
7. Dereito a prestacións de carácter social como a mellora de IT
8. Aplicación da subida retributiva recollida no proxecto de decreto da relación laboral especial de residencia e acordada por todas as Comunidades Autónomas na Comisión de Recursos Humanos do SNS, nos seguintes termos:
 - o 50% o ano 2006
 - o 25% o ano 2007
 - o 25% o ano 2008
9. Sistema retributivo equiparable entre as distintas especialidades, independentemente dos anos de duración da residencia (1, 2, 3, 4 ou 5 anos), de maneira que no último ano da residencia se perciban retribucións equivalentes entre elas
10. Incremento do prezo da hora de garda
11. Retribución dos días de especial significación
12. Resolver o problema do exceso de xornada derivado da cobertura de turnos en diferentes servizos, particularmente nos sábados
13. Responsabilidade e funcións: establecer regras claras

Si queres saber máis destas cuestións, ou facernos chegar o teu punto de vista, podes dirixirte aos nosos locais sindicais ou á páxina web www.agmedica.org.